



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a empresa Mariscador, S.L e a comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o 29 de xuño de 2018 coas empresas Mariscador, S.L e a comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Mariscador, S.L e a comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B, para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas e no IES Universidade Laboral de Culleredo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

As empresas asinantes, están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan





aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coas empresas e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 191/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións e no Decreto 194/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Navegación e Pesca de Litoral.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2020.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado nas empresas á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

